



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Resolución da Presidencia

D. JOSÉ LUIS CRUJEIRAS GARRIDO co DNI 35.305.090K que actúa no seu propio nome e interés ou en calidade de Presidente da CMVMC DE FILGUEIRA CIF V36258606 solicitou subvención por importe de 26.058,00 euros, para o financiamento dos gastos derivados da construción dun depósito de auga para abastecemento domiciliario dos veciños do lugar de Filgueira de conformidade co convenio e a memoria presentada.

En virtude do establecido no artigo 22.2.a) da Lei Xeral de Subvencións, existe crédito para o gasto na aplicación presupuestaria 160/78 do vixente Orzamento, tal como consta no certificado de existencia de crédito de data de 08/06/2018.

Esta Presidencia en uso das competencias que lle confire a normativa vixente, artigo 21.1 ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

Primeiro.- Conceder a CMVMC DE FILGUEIRA CIF V36261600 unha subvención económica por importe de 26.058,00 euros, para o financiamento dos gastos derivados da construción dun depósito de auga para abastecemento domiciliario dos veciños do lugar de Filgueira de conformidade co convenio e a memoria presentada.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras Administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custe da actividade subvencionada.

Segundo.- Establecer como prazo límite de execución da actividade subvencionada o día 20 de decembro de 2018.

Terceiro.- O pago da subvención realizarase:

O pago da subvención realizarase en un único pagamento por importe de 26.058,00 € unha vez concluída a actividade subvencionada e xustificado adecuadamente de conformidade co disposto na cláusula sétima, o gasto total realizado polo beneficiario.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso a cantidade na cláusula segunda.

No caso de que non se xustificará a totalidade do gasto, minorarase a aportación do Concello de Cerdedo - Cotobade na porcentaxe que proceda en función do importe xustifico.

Cuarto.- A conta xustificativa da axuda concedida deberá ser presentada ao órgano xestor, no prazo de dous meses dende a finalización do prazo concedido para a realización da actividade subvencionada, sendo a data límite o 20 de decembro de 2018 e comprenderá a seguinte documentación:

- a) Memoria detallada das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



c)Relación desagregada de todos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada. Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.As facturas ou documentos análofos deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e asemade estar datadas no período subvencionable. En todo caso deberase acreditar a realización do pago, dita acreditación farase achegando un xustificante da transferencia bancaria ou no seu caso facendo constar na factura o recibín do preceptor con indicación do DNI , nome e apelidos e sintura do mesmo.

d)Deberase aporta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello no procedemento de concesión de subvención para...”.

e)No caso de non terse aportado con anterioridade, deberase aportar certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social , mediante certificación expedida polos organismos competentes Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectualo o pago.

f)Acreditar a debida divulgación da participación do Concello de Cerdedo- Cotobade no cofinanciamento da actividade subvencionada.

Presentada a xustificación sinalada e comprobada a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención, previo informe da Intervención municipal, polo órgano competente formularase a proposta de pagamento.

O aboamento da subvención xustificada efectuarase mediante transferencia bancaria a conta sinalada polo beneficiario.

Quinto.-Atribuir a condición de órgano xestor desta subvención ao Presidente do Concello de Cerdedo -Cotobade.

Sexto.- Dar conta da presente resolución na primeira sesión plenaria que se celebre.

Mándao e asíno en Cerdedo- Cotobade, o Presidente, o Secretario aos efectos de fe pública.

Cerdedo-Cotobade

O Presidente

Jorge Cubela López

(documento asinado electrónicamente á marxe)

O secretario

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor